



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2023/G007/000010

EXPEDIENTE 2023/S012/000003. Aprobación prezo público pola prestación do servizo de conciliación Verán Activo 2023, bases e ficha de inscrición. Programa Plan Corresponsables.

Certificado do acordo

DALMIRO NÚÑEZ MÉNDEZ, secretario-interventor do Concello de Boqueixón (A Coruña), do que é alcalde MANUEL FERNÁNDEZ MUNÍN,

CERTIFICA:

Que o venres 19 de maio de 2023 a Xunta de Goberno Local do Concello de Boqueixón, cos quórum de constitución e votación legalmente establecidos adoptou este acordo:

EXPEDIENTE 2023/S012/000003. Aprobación prezo público pola prestación do servizo de conciliación Verán Activo 2023, bases e ficha de inscrición. Programa Plan Corresponsables.

ANTECEDENTES

A necesidade de conciliación da vida persoal, familiar e laboral obriga a que, desde a Administración Local, se oferten servizos ás familias que faciliten a harmonización da súa vida persoal, laboral e familiar co coidado de fillos e fillas menores.

Ditos servizos terán un carácter lúdico, de ocio, para a rapazada con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos, escolarizados en infantil e primaria, durante o período vacacional do verán activo 2023.

O Concello de Boqueixón, a través das Concellerías de Servizos Sociais e Igualdade e Educación, Cultura, Deporte e Xuventude, veñen fomentando no ámbito das súas competencias, o desenvolvemento de programas de conciliación familiar e laboral.

Co obxectivo de facilitar a conciliación das familias con menores ofértase dentro do Programa Plan Corresponsables, o servizo lúdico de conciliación Verán Activo 2023.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS, TÉCNICAS E ECONÓMICAS

PRIMEIRA. Normativa de aplicación.

Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, sinala no artigo 25 que a Administración Local para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de servizos ou actividades promovidos polo Concello de Boqueixón nas áreas de cultura, deporte, xuventude e servizos sociais, (BOP n.º 62 do 29/03/2012) aplicable dende o 20/04/2012

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2023/G007/000010

Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais

Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, e demais normas concordantes.

SEGUNDA. *O artigo 5.1 da ordenanza reguladora, os conceptos e contías do prezo público será fixado pola Xunta de Goberno Local. Conforme ao artigo 44.1 e 2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o importe dos prezos públicos terán que cubrir como mínimo o custe do servizo prestado ou da actividade realizada porén, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, o concello poderá fixar prezos públicos por debaixo do límite do custe do servizo. Nestes casos deberá consignarse no orzamento as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante si a houbera.*

TERCEIRA. *Os programas de conciliación do concello teñen como obxectivo facilitar que as familias poidan harmonizar a súa vida persoal, laboral e familiar co coidado de fillos e fillas menores, fomentar a igualdade entre mulleres e homes, nenos e nenas participantes nas actuacións e que se terá en conta o nivel de rendas e cargas familiares das persoas que soliciten a participación nas medidas de conciliación polo que aos prezos establecidos polos servizos de conciliación aplicaráselle bonificacións en función da renda das unidades familiares das persoas usuarias do servizo en relación ao Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) para o ano 2023 determinado na Disposición adicional nonaxésima da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (BOE n.º 308 do 24 de decembro de 2022).*

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. *Impoñer o prezo público pola prestación das actividades de conciliación Verán Activo 2023.*

SEGUNDO. *Declarar o interese público da prestación das actividades de conciliación Verán Activo 2023 para poder facilitar que as familias poidan harmonizar a súa vida persoal, laboral e familiar co coidado de fillos e fillas menores, fomentar a igualdade entre mulleres e homes, nenos e nenas participantes nas actuacións, fixando por elo bonificacións en función do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) para o ano 2023 determinado na Disposición adicional nonaxésima da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (BOE n.º 308 do 24 de decembro de 2022).*

INTERVENCIÓNS

Non hai intervencións

VOTACIÓN

Votos a favor: catro (4 votos)

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos)

ACORDO

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2023/G007/000010

PRIMEIRO. Impoñer o prezo público pola prestación das actividades de conciliación Verán Activo 2023.

SEGUNDO. Declarar o interese público da prestación das actividades de conciliación Verán Activo 2023 para poder facilitar que as familias poidan harmonizar a súa vida persoal, laboral e familiar co coidado de fillos e fillas menores, fomentar a igualdade entre mulleres e homes, nenos e nenas participantes nas actuacións, fixando por elo bonificacións en función do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) para o ano 2023 determinado na Disposición adicional nonaxésima da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (BOE n.º 308 do 24 de decembro de 2022).

PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DAS ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN VERÁN ACTIVO 2023 . BASES.

Artigo 1. Conceptualización

As actividades de conciliación Verán Activo 2023, enmárcanse dentro do Plan Corresponsables, como un programa lúdico educativo que pretende garantir a conciliación da vida familiar e laboral e fomentar a corresponsabilidade doméstica e social durante o período vacacional do Verán. Facilitar que as familias poidan harmonizar a súa vida persoal, laboral e familiar co coidado de fillos e fillas menores, mediante unha alternativa de ocio.

Ademais como obxectivo específico trátase de potenciar os servizos municipais de apoio ás familias.

Destinatarios/as do servizo: alumnado de 2º ciclo de educación infantil e primaria, con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos, empadroados no Concello de Boqueixón e o alumnado matriculado/a nun centro educativo de Boqueixón.

Lugar: O desenvolvemento das actividades terán lugar nas instalacións municipais de O Forte e no CPI Antonio Orza Couto.

Datas: Desde o 23 de xuño ata o 8 de setembro do 2023 .

Horarios: De luns a venres de 09:00 a 14:00 horas e,

+ Concilia: posibilidade de ampliación horaria por necesidades de conciliación nos meses de xullo e agosto, de 08:00 a 09:00 e de 14:00 a 15:00 horas.

Quendas:

Do 23 ao 30 de xuño

Primeira quincena de xullo:

Segunda quincena de xullo:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2023/G007/000010

Primeira quincena de agosto:

Segunda quincena de agosto:

Do 1 ao 8 de setembro:

Cabe a posibilidade de matricularse por días soltos no caso de existir prazas vacantes.

Artigo 2. Fundamento da imposición do prezo público

En uso da facultade específica prevista no artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e de conformidade cos artigos 41 ao 47 da citada Lei, este concello establece prezo público pola prestación das actividades de conciliación Verán Activo 2023, que se rexerá polas disposicións legais e regulamentarias, e polas disposicións deste acordo de imposición.

Artigo 3. Obrigados ao pago.

Están obrigados ao pago do prezo público as persoas usuarias ou beneficiarias das actividades de conciliación Verán Activo 2023.

Artigo 4. Obrigación e forma de pago.

1.- O pago poderá realizarse nun pago único ou fraccionado por mes. O importe correspondente será ingresado na conta do concello cunha antelación de 10 días antes do comezo da actividade, especificando en concepto o nome, apelidos e quenda na que participa.

Número de conta do concello: ABANCA ES68 2080 0320 2531 1000 0666

O xustificante bancario do aboamento da actividade deberá presentarse por vía telemática a través da sede electrónica do Concello de Boqueixón (preferente) ou de forma presencial no Rexistro xeral do concello.

O impago da actividade no prazo establecido dará lugar á anulación da praza reservada.

2.- Procederá a devolución do importe satisfeito cando o servizo ou a actividade non se presten por causas non imputables ao obrigado ao pagamento do prezo, e cando non sexa admitida a solicitude de inscrición. Nos demais casos, a falta de asistencia ao servizo ou actividade en que o interesado figure inscrito dará dereito á devolución, como máximo, do 80 por cento do ingresado, sempre que o obrigado ao pagamento comunique a súa renuncia mediante escrito rexistrado de entrada no concello cunha antelación mínima de cinco días ao sinalado para o comezo do correspondente servizo ou actividade, acompañando o resguardo expedido pola entidade colaboradora.

Artigo 5. Tarifa do prezo público.

O prezo público determinase atendendo ao cálculo dos custos directos e indirectos das actividades

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2023/G007/000010

programadas.

Con todo, ao amparo do disposto no artigo 44.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e 25 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, por razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público, practícaranse as reducións que se propoñen de cumprirse as condicións daquela, consignándose nos orzamentos da entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houbese.

Por iso quedan fixados os seguintes prezos:

Prezos actividade	
Semana	40,00 €
Quincena	80,00 €
Mes	160,00 €
Días soltos	10,00 €

+ Concilia: prezo hora	
Semana	10,00 €
Quincena	15,00 €
Mes	30,00 €
Días soltos	3,00 €

Artigo 6.- Inscripcións

As inscricións realizaranse dende o 1 ata o 8 de xuño de 2023, enviando a ficha de solicitude e demais documentación solicitada por una das seguintes vías:

- *Telemática, a través da sede electrónica do Concello de Boqueixón (preferente). Incluir documentación en solicitude xeral.*
- *Presencial, mediante escrito presentado no Rexistro xeral do concello.*

Finalizado o prazo de inscricións no caso de que quedar prazas vacantes, poderán ser cubertas por novas solicitudes seguindo o rexistro de entrada.

Documentación que debe achegarse en caso de solicitar bonificación:

- 1.-Declaración da renda do 2021 dos proxenitores/titores ou xustificante acreditativo de non ter que presentala, salvo que dita declaración fose presentada no ano en curso, respecto doutras actividades de conciliación.*
- 2. Informe ,nos casos de emerxencia social, ou outra situación valorada tecnicamente polo Departamento de Servizos Sociais/Centro de Información á Muller.*
- 3. DNI*
- 4.-Documentación complementaria no caso de que sexa requirida.*

Procedemento de confirmación de prazas:

- 1. Listaxe provisional de admitidos/das: unha vez rematado o prazo de inscrición, publicarase na web municipal a*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



lista provisional de admitidos/das e excluídos/das.

2. Prazo de reclamacións: unha vez publicada a listaxe disporase de 3 días naturais para presentar alegacións.
3. Listaxe definitiva de admitidos/das: publicarase transcorridos 5 días naturais dende o remate do prazo de alegacións.

Artigo 7. Bonificacións

Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo público que resulte aplicaranse as bonificacións que se sinalan en función do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) para o ano 2023 determinado na Disposición adicional nonaxésima da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (BOE n.º 308 do 24 de decembro de 2022).

Supostos de bonificación	Porcentaxe de bonificación
Supostos de emerxencia social ou outra situación valorada tecnicamente polo Departamento de Servizos Sociais/CIM	100 %
Unidades familiares con ingresos que non superen o IPREM: 600,00 € / mes. 7.200,00 € /ano (12 pagas); 8.400,00 € / ano (14 pagas)	100 %
Unidades familiares e familias numerosas con ingresos que non superen en 2 veces o IPREM: 1.200,00 € / mes; 14.400,00 € / ano (12 pagas); 16.800,00 € / ano (14 pagas).	75 %
Unidades familiares e familias numerosas con ingresos que non superen en 3 veces o IPREM : 1.800,00 € / mes; 21.600,00 € / ano (12 pagas); 25.200,00 € / ano (14 pagas).	50 %
* 2º membro da unidade familiar matriculado no mesmo período de tempo.	25 %
* 3º e sucesivos membros da unidade familiar matriculados no mesmo período de tempo	50%
* Para aplicar esta bonificación é requisito que a base imponible do IRPF da unidade familiar sexa menor que o triplo do IPREM (tributación individual, media) ou que o séxtuplo do IPREM (tributación conxunta).	

Requisitos da unidade familiar:



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2023/G007/000010

1. Estar empadroados ou escolarizados no municipio con anterioridade ao comezo do período ao que se refire a cota obxecto de liquidación.
2. Estar ao corrente nas obrigacións fiscais co municipio ou ter concedido un aprazamento de pago sobre as débedas pendentes.
3. *Unidade Familiar*: a definida segundo a normativa fiscal vixente e ademais aqueles descendentes ou ascendentes que dean lugar a deducións. Cando non resulte posible determinar a unidade familiar conforme á presente definición, terase en consideración a composición da unidade convivencial acreditada fehacientemente.

Artigo 8. Criterios de admisión

1. Nai, pai titora ou titor dos participantes empadronados/as en Boqueixón (mínimo 3 meses de antigüidade) ou os/as menores escolarizados nun centro educativo do concello.
2. Nai, pai titora ou titor dos participantes traballando no termo municipal ou o participante disfrutando das vacacións no termo municipal.
3. Participantes que non reúnan os requisitos anteriores.
4. No caso de proxenitores/titores de participantes que traballen no termo municipal, acreditarán copia do encabezado da última nómina, certificado de empresa ou copia de recibo de pago no caso de ser autónomos.
5. No caso de existir maior número de solicitudes de participantes empadronados adxudicaranse as prazas por sorteo.

Outras condicións:

Máis información sobre estes programas no teléfono 981 513 115 ou no correo electrónico cim@boqueixon.com.

CUARTO.- Aprobar a seguinte ficha de inscrición

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA VERÁN ACTIVO 2023

DATOS DO/A MENOR

Nome e apelidos	
Data de nacemento	Curso rematado
Hora de entrada:	
Hora de saída:	



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2023/G007/000010

<i>Enfermidade/discapacidade (imprescindible presentar informe médico actualizado)</i>	
	<i>Sabe nadar</i>
	<i>Non sabe nadar</i>
	<i>Observacións</i>

DATOS PROXENITORES / TITORES LEGAIS

Nome e apelidos	DNI
Dirección	Correo electrónico
Teléfono de contacto 1	Teléfono de contacto 2
Nome e apelidos do titular da conta bancaria	Número de conta
DNI titular da conta:	

QUENDAS

	<i>23 ao 30 de xuño</i>
	<i>1ª quincena de xullo</i>
	<i>2ª quincena de xullo</i>
	<i>1ª quincena de agosto</i>
	<i>2ª quincena de agosto</i>
	<i>Semanas de xullo / agosto.</i>
	<i>1 ao 8 de setembro</i>
	<i>Días soltos (Adjudicarase no caso de quedar prazas vacantes no grupo de idade correspondente)</i>

+ Concilia

	<i>De 8:00 a 09:00 horas</i>
	<i>De 14:00 a 15:00 horas</i>



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2023/G007/000010

PREZOS

Prezos actividade	
Semana	40 €
Quincena	80 €
Mes	160 €
Días soltos	10 €

+ Concilia: prezo hora	
Semana	10 €
Quincena	15 €
Mes	30 €
Días soltos	3 €

BONIFICACIÓNS

Supostos de bonificación	Porcentaxe de bonificación
Supostos de emerxencia social ou outra situación valorada tecnicamente polo Departamento de Servizos Sociais/Centro de Información á Muller.	100 %
Unidades familiares con ingresos que non superen o IPREM: 600,00 € / mes. 7.200,00 € /ano (12 pagas); 8.400,00 € / ano (14 pagas)	100 %
Unidades familiares e familias numerosas con ingresos que non superen en 2 veces o IPREM: 1.200,00 € / mes; 14.400,00 € / ano (12 pagas); 16.800,00 € / ano (14 pagas).	75 %
Unidades familiares e familias numerosas con ingresos que non superen en 3 veces o IPREM : 1.800,00 € / mes; 21.600,00 € / ano (12 pagas); 25.200,00 € / ano (14 pagas).	50 %
* 2º membro da unidade familiar matriculado no mesmo período de tempo.	25 %
* 3º e sucesivos membros da unidade familiar matriculados no mesmo período de tempo	50%
* Para aplicar esta bonificación é requisito que a base imponible do IRPF da unidade familiar sexa menor que o triplo do IPREM (tributación individual, media) ou que o séxtuplo do IPREM (tributación conxunta).	



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2023/G007/000010

- *Cálculo IRPF (renda 2021): base imponible xeral (recadro 435) + base imponible de aforro (recadro 460) dividido entre 12 meses.*

DOCUMENTACIÓN PARA SOLICITAR BONIFICACIÓN

	<i>Declaración da renda do 2021 ou xustificante acreditativo de non ter que presentala, salvo que dita declaración fose presentada no ano en curso, respecto doutras actividades de conciliación.</i>
	<i>Informe ,nos casos de emerxencia social, ou outra situación valorada tecnicamente polo Departamento de Servizos Sociais/Centro de Información á Muller.</i>
	<i>DNI</i>
	<i>Documentación complementaria no caso de que sexa requirida</i>

CÁLCULO

<i>Importe da quenda</i>	<i>Importe + concilia</i>	<i>TOTAL(coas bonificacións no seu caso)</i>

AUTORIZO ás seguintes persoas maiores de idade a recoller ao neno/a na actividade

Nome e apelidos	DNI	Parentesco

SINALAR, de ser o caso

	AUTORIZO ao Concello de Boqueixón á comprobar os datos no padrón municipal
	AUTORIZO ao Concello de Boqueixón a ceder os datos do/a neno/a á empresa de monitores correspondente para a correcta organización do servizo
	AUTORIZO ao meu fillo/a a participar nas saídas programadas fóra das instalacións das actividades
	AUTORIZO á administración de medicamentos, no caso de ser necesario
	AUTORIZO ao traslado do neno/a ante unha emerxencia



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2023/G007/000010

	AUTORIZO ao Concello de Boqueixón para que realice a captación de fotografías, gravación de imaxes e/o rexistro de son da actividade organizada polo concello, no que apareza o/a neno/a, antedito/a, ben a título individual ou formando parte dun grupo.
	NON AUTORIZO ao ao Concello de Boqueixón para que realice a captación de fotografías, gravación de imaxes e/o rexistro de son da actividade organizada polo concello, no que apareza o/a neno/a, antedito/a, ben a título individual ou formando parte dun grupo.

(*) As imaxes e sons destinaranse á súa difusión a través de calquera medio de comunicación audiovisual ou impreso así como ao arquivo para a súa utilización en campañas de promoción ou calquera tipo de documento que se publique a instancias do concello de Boqueixón, mantendo sempre a observación dos dereitos da infancia e sen desvirtuar en ningún caso o seu significado nin tampouco o contexto no que foron captadas.

Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados ao ficheiro do Concello de Boqueixón. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, comunicándoo por escrito a: Concello de Boqueixón, s/n. 15881 Boqueixón (A Coruña).

Boqueixón _____ de _____ de 2023

Asdo.

SR. ALCALDE -PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Concello de Boqueixón , asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

E para que conste e a salvo erro ou omisión involuntaria, libro este certificado de orde do alcalde e co seu visto e praxe coa particularidade do artigo 206 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Concello de Boqueixón, na data da sinatura dixital

Dalmiro Núñez Méndez, secretario-interventor

Visto e praxe: Manuel Fernández Munín, alcalde-presidente